



Procedemento: Contratación en réxime de coprodución de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego.

Asunto: Resolución de nomeamento da Comisión de Valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 5 de maio de 2026, A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Xunta de Galicia publicou a Resolución do 30 de abril de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego para 2026.

2. O apartado 7 desta convocatoria recolle que para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, designada pola Dirección da Agadic, presidida pola coordinadora do Departamento de Música e Danza, como responsable da dirección do Centro Coreográfico Galego e integrada por unha persoa do cadro de persoal da Axencia, que exercerá as funcións de secretaria da comisión, con voz e sen voto, e por dous profesionais do ámbito das artes escénicas galegas.

O mesmo apartado recolle tamén que “a condición de vogal da comisión ten carácter persoal, non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso e declararán baixo responsabilidade que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2 Por acordo do Consello Rector, de 24 de xullo de 2012, deléganse na persoa titular da Dirección da Agadic as competencias que como órgano de contratación corresponden ao Consello Rector.





En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de selección de proxectos para a contratación en réxime de coprodución de tres espectáculos de danza, que terá a seguinte composición:

-Presidenta: Pilar Portela Vázquez, coordinadora do Departamento de Música e Danza da Agadic

-Vogais, en calidade de profesionais do ámbito das artes escénicas galegas:
Carlos Delmiro Lorenzo Pérez
Hugo Guilherme Pires Pereira

-En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretaria na comisión de valoración:

María del Pilar Peña de Castro

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

